

# A N O S A T E R R A

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION

Rúa Real, 36 - 1.<sup>o</sup>

A CRUÑA

PRECIOS DE SUSCRICION

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XI



1.<sup>o</sup> de Xulio de 1927



Núm. 238

## AO DECORREL-OS DIAS

Ocupa actualmente a atención dos intelectuás galegos a Residencia de Estudantes en Compostela. Paresce ser que a cousa vai por un camiño que fai concebir moi ledas e seguras espranzas de que será unha realidade. Elementos universitarios, intelectuás e xornás, con especial e prausibre empeño «El Pueblo Gallego» veñen realizando unha labor aitivísima en favor da consecución da idea. Véñense incruso arrecadando diñeiros e estudiando pranos e lugar onde ha de ser erixida. A esas voces que arelan a realización d'unha idea que nos paresce excelente temos que engadir tamén a nosa de alento para quens teñen entre mans a misión preparatoria e de desexo por que logo sexa un feito a constitución da Residencia.

O chegar a facer a Residencia diría moito en favor do bon nome da cultura galega e sería para ésta unha base grandiosa de desenrollo, aitividade e progreso. Xa o exemplo xeneroso que ven dando o Seminario de Estudos Galegos é mostra real do que poderiase facer dende a Residencia. O matiz cultural que xá ten a vida compostelán acadaría novos e formidabres elementos e o desexo de facer da vella Compostela a capital intelectual de Galicia tería adiantado notablemente.

Craro está que ao mesmo tempo que a fundación da Residencia habería que facer outros labores de compremento como son dentro da mesma Universidade unha ecolma meditada dos elementos directores tirándolle certos aspeitos que hoxe ten de caciquismo e tamén de incapacidade. Unha laber compreta e xurdía de selección aparelada con feitos que puxeran en constante e xurdía froración toda crás de elementos de cultura que pregaran firmemente, barudamente a outura cultural da nosa terra representada fidelmente pol-a Compostela grandiosa que en tempos de Xelmírez e outros xa irradiou pol-a península e cuio nome foi admirado en todo o mundo.

N'un feito así quixéramos ver plasmadas as arelas renovadoras e culturás que hoxe latexan na vida de Galicia e da que son mostras os traballos que se veñen facendo para constituir a Residencia.

Queda manifestado craramente o noso pensamento na cuestión e tamén queremos indicar a nosa conformidade co dito por Paz Andrade en «El Sol» de que ao mesmo tempo que se pensa e acadar os elementos materiais para fundar a Residencia hai que pensar en atopar o home que sexa capaz de a dirixir e ourentar por vieiros de grandeza. Non deixa de ser un problema que meresce de liña meditación e estudio e no que deben parar mentes os encarregados de dar cumbe a idea da Residencia que arelamos axiña convertida en xurdia realidade.

# F E I T O S

No 1914 os ingreses ocuparon Bagdad; no 1918 saíron do Egipto e, o igoal de todolos conqueridores dende os Faraós da XVIII dinastía hasta Bonaparte e Mehemet Ali, puxeron a man riba da Siria e Palestina. Mostrou o imperio turco e o xeneral Milne fixo, en dono e señor, a policía en Constantinopla.

Pol-o 1925 un pai da descendenza de Mahoma, Hussein, e dous de seus fillos Jaiçal e Abdallah, reinaban na Meka, no Irak e na Traxordania respectivamente. Os ingreses dende Bender-Abbas fóreronse metendo na Persia de tal xeito que pol-o tratado de 1919 imposto por sir Percy Cox, quedou o país na dependencia británica. En pouco tempo xenerales e colonels mandaban en Baku, en Taschkend e nos oasis de Bukhara e Khira: o cerne d'Asia Central.

No Afghaništán os emires cobraban unha renda de tres millóns anuás de bô ouro ingrés.

Na India, arredor de setenta millóns de musulmans, enrabechadamente anglófilos, eran a millor garda pra manter asoballadas as infinidas costelacíos dos pobos afetos a unha longa historeá interior; un virrey tiña o costume de dizer qu'a Universidade mahometana de Aligarh siñificaba pra Inglaterra a forza de duas divisiós escolleitas. Confudo a India espertabá. Mais abondou con que Xorxe V cando foi coroado en Delhi (1911) dixera ós patriotas: «Espranza!» pra que preto d'un millón d'indios pelexando na Asia anterior arroinaran o Imperio turco en proveito de Londres.

En tanto ó mais arredado Oriente estaba o Xapón, vixilante.

O panarabismo servindo a Inglaterra. O eslavo afastado do Pacífico e xa ferido nos oasis d'Asia Central. En fin de contas un ensono como endexamais soñara o Lord Beaconsfield.

1922. Mustafá Kemal desfai ós gregos en Smirna. Xurde unha nova Turquía que sabe

gardar Mossoul e entenderse cos bolcheviques. O tratado de Lousana foi a derrota de Ingraterra na Asia anterior, consagrando os trunfos d'Ismet-Pachá.

Os Wahabitas atacan a Hussein, e Ingraterra tén que concertar co xefe beduíno representante do vello Islam sinxelo, un tratado pra gardar a Traxordania e o Yrak. No Xaneiro do 26 Ibu Sasud o fillo do deserto, faise coroar na Meka rei do Hedjár.

En Santos do 1919 unha volta ofensiva animada por un espírito espertador das mais fondas arelas raciales, foi guiada polos bolcheviques. Os ingreses dinantes que a Persia perderon a Asia Central.

No mesmo ano grande movemento no hestórico paso de Khaibar, o camiño que leva sobre da India as invasións do Irán. O Emir do Afghaništán, Amanullah, xa non quer diñeiro ingrés. Non pasou, mais pol-o tratado de Kasvalpindi esborrallouse a tutela británica en Kaboul.

Eende 1885 (primeiro congreso nazonal) a India tén abancado a rego na sua angreira. No 1918 outro congreso demanda a autonomía nun prazo de dez anos. Loitas en Delhi, en Lahore, en Amritsar: nista derradeira o xeneral Dyer ametrallou centos d'indios en xuntanza pacífica. Tivo un ascenso mais o logar é, dentón, centro de crecedeiros pelerinaxes nazonais a Rabindranath Tagore devolveu as condecoracións ingresas.

Londres acordou unha Constitución con Cámara e Concello d'Estado (1925). Mais ós nazonalistas soilo seguiron a verba do *Mahátma* Karamchand Gandhi. Cando foi preso sucedeuno Das. O pior pra Ingraterra foi o trunfo de Mustafá Kemal: os musulmans da India xa non son amigos dos ingreses.

Inglaterra axudou o trunfo de Xapón sobre Rusia. A alianza seguío hasta 1924. Entre Norte América e o Xapón, Inglaterra xuntouse ca primeira.

Toda a Asia trema c'un abrente novo das

vellas forzas racias. A coroación de Riza Khan estivo presente un descpire da relixión de Zoroastro: os persas gábanse do seu pasado aquemenide, partho e sassanida.

Dende 1905 vai medrando o sentimento parturista, que xunta turcos, tártaros, turcomanos, mongoles siberianos e chinos, hasta mazixares, bú'garos e fineses e baltos no culto dos scythes, dos hunnos e dos mongoles. Os fillos da estepa lémbranse de Atila, de Gengis Khan e Kubilai Khan que foi visitado por Marco Polo. O Islamismo pr'os turanios é un feito demasiado d'onte. A Triplice Musulmana (Turquía, Persia, Afghanistan) sinte o bater de dous sentimentos: a patria e a forza do sangue. Cada descuberta arqueolóxica dá nova lume ós dous sentimentos. Edades recuadas da historia alomean de novo no tempo presente.

O grande animar é Rusia. Seu poeta Alejandro Blok canta: «Sí, nós somos scyths; sí, nós somos asiáticos d'ollos famentos». Turcos, persas, afghanos, indos, annamitas, chinos, tibetanos, todol-os pobos que traballan a terra ou cruzan pastoreando os infindos chaos outos e se fixan nos oasis, teñen relacións con Moscú e d'il toman o santo e seña. O «péril jaune» dos discursos académicos do final do XIX e xa outra cousa mais forte, mais creadora e chea de insospitadas direcções.

R. OTERO PEDRAYO

## Labor de conferencias galeguistas

Hai na nosa Terra unha gran intensificación vida cultural, qu'antra outras cousas, maniféstase na fundación de numerosas sociedades que aos seus fins recreativos, artísticos ou deportivos, xuntan un labor d'instrucción popular, por certo ben dina de loubanza. Imitando iste exemplo, outras sociedades antigas, precurran tamén facer o mesmo, abrindo cursos de conferencias e celebrando outros autos d'esta clás.

Invitados por algunas d'estas sociedades, os nosos irmans d'Ourense, Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas e Vicente Risco, levaron a moitas vilas d'aquela provincia a inquedanza galeguista,

indo espallar ali os resultados mais importantes dos estudos que s'están facendo encol de todol-os aspeutos da vida galega.

Así, no que podemos chamar curso actual, déronse as seguintes conferencias:

**Na Sociedade Cultural – Deportiva do Carballiño**, disertou Otero Pedrayo sobre O Sete-estrelo no Escudo de Galiza, estudando maxistralmente ao seu aspeuto xeográfico, histórico e no seu valor de porvir, as sete cidades do noso antigo Reino.

**Na Sociedade Cultural Curros Enríquez de Celanova**, deu Vicente Risco unha conferencia encol da Mitoloxía popular galega, e Florentino L. Cuevillas Dos Castros e das parroquias de Galiza, demostrando a supervivencia da organización castrexa nas parroquias outuás.

**Na "Juventud Republicana", da Cidade d'Ourense**, onde houbo tamén un interesante ciclo, falou Otero Pedrayo encol d'Eduardo Pondal, que foi un fermoso estudio do noso gran poeta.

Pol-o derradeiro, organizada por uu grupo de galeguistas antusiastas, houbo unha conferencia de Vicente Risco, que falou da Renacencia do idioma galego, no Casino da Rua de Valdeorras, sendo orixe esta conferencia da formación d'un agrupamento galeguista n-aquela vila.

O éxito d'estas conferencias foi ben grande, e podemos agardar que no ano que ven vólvese repetir con mais intensidade iste labor.

## UN OBSEQUIO

O noso bon amigo D. Santiago Liste Moura tivo a amabilidade de nos enviar uns fermosos cinzeiros anuncio da casa Fèlix Ruiz e Ruiz de Herrera da que el é representante.

Agradecemos sinceramente ao querido amigo a sua xentileza.

Non deixe de mercar

**COUSAS por CASTELAO**

Prezo CATRO pesetas

## CONTOS DE NENOS

## A M O R T E B R A N C A

**A**INDA un conto de mortos. O do meu primeiro encontro coa morte. Lonxe do medoñento valados do cementerio, lonxe da treba da noite e do silenzio da soedade. O encontro coa morte branca e morta que dun súpito espanto albeiga e mata o noso medo.

Denantes: O medo nocturno ós homes de pedra dos cadaleitos de San Francisco. O cheiro da mesa moura e dourada na que un dia xoguei a alturiña hasta decatarme de que estaba en col da mesa dos mortos. O sabor d'aquelas mazáns que me dou a criada de doña Pepita e que ía eu comendo po-lo pasillo cando vin a Doña Pepita entre a lus das lamparínas de aceite. A friaxe dos xionlllos o saber que debaixo das laxes da eirexa estaban apodrescidos. O sonido nas tardes de chuvia da campaíña do enterro que vai po-la rúa. E a visión horrenda da páxina do *Tesoro del Artesano* que tiña pintado un esqueleto con todo-los seus hósos. Pouco mais pero, nas conversas da plazuela, eu tiña visto moitos mortos.

— Hoxe ollei un morto, tiña un ollo aberto e outro pechado. Era o afogado de Estripela. Os peixes coméranlle xa as máns.

— E onde estaba?

— N-unha mesa.

## Don Francisco García Olano

**T**IVÉMOL-o grande pracer e honor de recibir a visita do señor Francisco García Olano ex-presidente do Centro galego de Bós Aires. Ven a pasar unha tempada de repouso na Terra despois de longos anos de labourar constante na Arxentina. O seu paso pol-o Centro deixou froitos benfeidores de galeguismo e protección aos nosos emigrados. O seu nome é fondamente fondamente respetado e querido entre aquela colonia galega. En todo momento que se tratou de facer algún traballo que redundase en beneficio de Galicia ou dos galegos exiliados o señor García Olano co seu traballo e co seu peculia contribuiu sem-

— Mintireiro, Ollouno o Pantrigo e estaba na cama. Ti non o viches.

— Pero ti tampouco miraches ó señor Benito cando o colleu o trén.

— Nin ti, que inda non naceras.

— Pero contoum o meu pai...

Da man da miña tía percorria os longos pasadoiros do Hospicio — paredes roxentes polas friseiras invernizadas, bracura fanada de mesas con hule, cheiro de caldeiradas *en serie*, camas en ringieira como bancos de escola, roladas de nenos macios, monxes, amas — e no cabán estreito dos berces un recanto mais quente e mais ensoleizado n-unha camiña limpa un neno loiro a dormir, froliñas vermelhas no embozo, un ama a dar o peito a outro neno loiro sentada pé do leito n-unha silla de palla, no clarín das cortinas rayolas de sol, toco cheio d'unha amarebrancura de fogar.

— Dalle un bico a este anxelín, mira que bonitín está, meu probe.

De súpito a friaxe d'unhas meixelas na quentura dos meus beizos. Eu bicara a un neno morto, bicara a un morto, pero non me gabaria de elo cos rapaces da plazuela.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

pre con entusiasmo e devoción pol-a boa obra.

E dos galegos que levan a Galicia dentro da alma e pensan e labouran por un porvir mais venturoso para ela. Un verdadeiro patriota na mais exaita aceición da verba. Figura, non podía ser menos tratandose d'unha obra fondamente galega, entre o grupo «Céltiga» que xa conocen os nosos leitores,

As nosas primeiras verbas de presentación breves pero verdadeiras do espírito do señor García Olano, hanse ampriar devagariño, con calma pois son moitas as cousas que con él temos de falar. Nas caixas iste número non queremos deixalo sair sen que leve un cordilísmo saúdo de ben chegada e agarimo para o distinto e querido compatriota.

## AIRES DE FORA

As derradeiras eleccións irlandesas acusan d'un xeito indubidable que os nosos irmáns de Raza, ainda arelan unha total independencia da sua Patria. Unha libre Repúbriga irlandesa. Os elementos extremados do nacionalismo que acaudilla o Apostol De Valera, os nacionalistas e republicanos conqueriron maior número de postos dos que tiñan nas Cámaras. Entroques os gubernamentais perderon bastantes.

Vede a grandeza e a forza que encerra o ideal nacionalista fortemente sentido. Nin o réxime tan ampriamente coucesor que Ingraterra deu fai pouco á vella Irlanda, constituída hoxe en Estado libre, conquíeu apagar o lume sagro do ideal irlandés, as arelas patrióticas que o pobo celta leva enaiadas no mais fondo da sua alma colectiva e individual. E xa este é un problema tan vivo de tanto arraigo vital no pobo irmán que co'a tenacidade patriótica apóstolica e mártir á que nos ten afeitos conquerirá andando o tempo o compreto triunfo do seu ideal. E a grandeza das ideas e encol de todo das ideas xenerosas que se sinten rexamente, conscientemente que sempre se impon e terá de impoñerse por riba de todo oustáculo malsano e entorpecedor.

Tamén o Exipto non perdeu ainda as esperanzas de se constituir en Estado libre. Andan agora os elementos diretores conversando con Ingraterra para conquerir total independencia.

O Exipto é algo grandioso, admirabre, na historia da civilización mundial e un pobo que tanto infruiu no mundo non se resilia a vivir unha vida dependente] Longe da meetrópoli ten mais e millores disponibilidades para se independizar, que a Irlanda, illa británica.

Resulta admirabre a tenacidade con que defenden o seu preito, a sua vida, istes pobos dependentes do gran Imperio británico cula política sempre vixiante e

prevísora failles concesións, como non fai ningún outro Estado opresor, pero que non conquiren apagar totalmente a voz patriótica dos pobos da sua dependencia.

E si ésto é así n'un réxime de concesións e libertades ¿que non será nos pobos que viven morrendo baixo reximenes compretamente opositos ao ingrés?

VÍCTOR CASAS

## Un novo arzobispo para Compostela

Xa está desiñado o novo arcebispo que ocupará o posto que honraron tantos prelados galegos de groriosa lembranza do que compe destacar nos derradeiros tempos pol-a sua siñificación e amor pol-a terra o chorado patriota Lago González.

O reverendo Padre Zacarias Martínez conocido d'abondo na eirexa hespñola e na literatura é o desiñado. Non se atopou polo visto ou non se quixo atopar un galego. De non ser así, opinión na que abondamos sempre somentes desexamos que o novo arcebispo se ipa decatarse do posto que vai ocupar en relación ao país onde ten asento e que a sua actuación rinda n'este aspeito da vida os maiores éenficios para Galicia.

## Mosén Jacinto Verdaguer

CUMPRIUSE agora o cincuenta aniversario da publicación do famoso poema épico «Atlántida» do exímio catalán mosén Jacinto Verdaguer. Neme cume da groriosa literatura catalana para nós de fonda devoción.

En Cataluña e en varios siflos da Hespaña téñense celebrado homenaxes de admiración ao autor da «Atlántida». Representando o que representa para a nosa entrañable irmá Cataluña o xurdio nome de Jacinto Verdaguer non podía fallar a nosa voz e lañear do noso corazón en xurdia explosión de adhesión fervorosa.

E ao manisestalo así honramos as nosas columnas publicando un conto inédito de intima relación con nosco, do admirabre e sabio autor da Atlántida un dos poemas épicos mais admirados da literatura mundial en todos os tempos.

# O HERDEIRO

"Van pr'ala cincuenta anos, tal día como hoxe os fai, que aconteceu o que agora vai escoitar."

Así comenzou aquil serán o Tío Antón "O Herdeiro", meu vello amigo o enterrador de Vilar de Silva, namentres que a sua faca iña picando unha folla de tabaco.

"Miña casa -proseguiu- sen ser rica, arranxábase ben. Terras non fallaban, gando tampouco; aceite (1) e trigo collíase pra todo o ano, e meu pai tiña feito os seus cartiños traballando aló nas minas, si ben e certo que a sua saude lle custou, pois, cando morreu, levaba mais de tres anos no leito sen se mover. Ricos non eramos, mais as xentes do lugar aseguraban que miña nai gardaba, por encárgelo do vello, unha ola de carlos. Eu endexamais os vin. Ricos non eramos, mais a sona levabámola. E hastra a xente me deu en chamar o "Herdeiro". D'ahí ven meu alcume.

Tiña eu pol-o entón o redor de once anos.

Dos beizos de meu pai ouvira que na "pala" (3) de Trasmonte vira na sua mocidade unha valente rancha con sete ranchiños, brancos como folerpas de neve. O diaño, feito curiosidade, abizorou en nos, é, denantes de o sol por, fun aló en compañía d'outros rillotes do meu tempo. Mais non pudemos chegar á "pala" pois cando tiñamnos pasado a fraga d'Enriba de Cobas, topámolos vampiros (2).

Nos endexamais víramolos vampiros, a non ser a sua roupa ao sol nas mañas de vrou. O medo tivo man de nos, e nosos beizos se non moveron. E inda foi meirande, cando certamos a ver, por baixo de

(1) E isto posibelmente, o único pobo do val de Valdeorras que frábica aceite. Pouco e de ruín presentación, non deixa de ser agradabel, gárdano en potes de ferro fundido.

(2) A Verba *vampiro* non-a empregan no seu verdadeiro senso; refrese más ben a moinantes e xente perseguida pol-a xusticia: xentes de malver. Non embargantes, a súa presencia esperfa un ár de superstición que abrangue a xente e mais o gando.

(3) *Pala* é o nome local de coba. As duas mais interesantes están medidas e catalogadas. N'unha figuen escabaciós inda quis sin éxito.

nos, un home deitado, coa cabeza o ár, despeitado, flaco como o demo, c'os ollos afundidos, a camisa esnaquizada, pantalóns sen fondo, e espido de pé e perna. Non tiñamos visto os vampiros, mais aquil era un d'eles. Eu non sei si ha no mundo quen alanke tanto como nos alancamos entón. ¡Valentes gargalladas houbo, pol-o aquel do noso medo, cando chegamos o "Xogo d'os Tolos".

\* \* \*

Nos tiñamol-as cabras pra o día seguinte, e como percisaba sair moi cedo, fun dormir o cortello cabo d'as miñas, na compañía do León, vello can gardador. Non sei canto tempo levaba, cando vin a dona d'un home que desentrambilicaba a porta da miña casa con moito tento. Abriuse a porta e enton vin... vin o vampiro, espido de pé e perna, co'a cabeza o ár e os ollos afundidos e brillantes..., e alá, o fondo, a carón do lár, miña nai coa sua cariña de santa, durmindo tranquia no escano. Ollouna dende o lintel, e logo, paseniñamente, foise chegando a ela.

Eu estaba arripiado. Quixen berrar, e non puiden; quixen correr cabo d'ela... ¡Tolaría!... estaba atado de mans e pernas. Miña nai rebulliu. O vampiro erguzu a mana que brillaba un coitelo... eu reforciame pra me ceivar d'aquil endemoñiado cárcere... ¡morría d'auguria!... baixou o coitelo... por fin din un berro, e... ¡espertei!

O León tiña deitada a sua cabeza no meu peito. Pouco tempo despoxis, aperfado ao can, voltei a dormir.

\* \* \*

Meu amigo restou calado. Pol-a sua enrugada cara correu unha bagoa, e nos seus beizos pretos, morreu un salouco. Logo, estremecéndose todo il, con voz de soterrado, engadeu: "Cando m'erguín atopei a vellíña degolada no escano."

LEUTER G. SALGADO  
Villagarcía

## A festa da poesía e da música galegas

**C**OINCIDINDO c'os festexos do Corpus houbo n'Ourense unha festa da Poesía e da Música galegas que foi un verdadeiro eisito tanto pol-o número de traballos presentados ó concurso como pol-o resultado da velada que tivo lugar no Teatro d'aquela cidade.

Niste auto leronse as poesías premiadas das qu'erau autores os nosos amigos e colaboradores Fermín Bouza Brey, Augusto Casas e Xavier Montero y-executáronse as obras musicais que tiveron premio e qu'erau feitura dos señores Lozano Bartolomé e Fernández Amor.

Tomou parte na festa o poeta da raza Ramón Cabanillas quen leeu unhas cuartillas nas que esplicaba a sinificación da festa e que recendían d'agarimo a cidá das Burgas. Logo recitou a poesía titulada «O relembro do clan», recadando entusiastas ovaciós.

Pronuncioron dous fermosos discursos Basilio Alvarez y-o noso distinto amigo Ramón Otero Pedrayo. O primeiro layouxe de fer que falar n'unha lingoa que non é a galega e cantou os engados do noso idioma en verbas sínxelas e bariles.

Tratar de resumir o discurso de Otero Pedrayo e empresa difícil pra quem non teña a poderosa maxinación do noso querido colaborador. En parrafos admirabres glosou os tres motivos da canliga popular que sirveu de tema no concurso da poesía: O Cristo, a Ponte y-as Burgas. Fixo un paralelo entre a capela do Cristo d'Ourense y-a Torre da Berenguela de Santiago, e n'unha sobrime invocación a nosa terra dixo que Galicia é un enorme corazón no que non cabe a división artificial en provincias feita por xentes alleas a nos e incapaces d'enxerguer as nosas arelas; e derradeiramente desinou con verbas acesas a persoalidade do noso gran poeta Ramón Cabanillas a quien proclamou como poeta civil de Galicia.

En resumen, unha festa enxebrememente galega, chea d'engado e de agarimo que sirveu pra pôr de relieve o entusiasmo cada dia mór que siente a xente pol-as cousas da nosa terra.

## Galicia na Academia Hespañola

**D**ESPOIS do nomeamento de Cabanillas e Cotarelo para académicos de número en representación do idioma galego acaban de ser nomeados correspondentes o señores Eladio Rodríguez González e Euxenio Carré Aldao. O noso criterio n'esta cuestión deixamol-o xa ben definido e cumprenos somentes agora dar a nossa opinión. Dos derradeiros nomeantes. Certamente que para académicos correspondentes hai en Galicia literatos entre as letras galegas con meritos indiscutibles mais como número o nomear estaba limitado naturalmente, a doux, os designados son do noso profundo agrado pol-a labor ben conocida de todos que realizan na literatura galega.

Entre o extenso número de escritores novos academizabres, os señores Rodríguez González e Carré Aldao ocupan lugar ben preferente e sendo eles os designados por quen liña a facultade de o poder facer, a nós restanós somentes ollar con comprencia a sua designación, cobizar que a labor pue realicen sexa benficiosa e enviarles os nosos mais cordias parabens.

## A FENESTR

*Vaste pra lonxe, i-eu quedo  
toda morta de pesares;  
arripiada de medo.*

*Na fenestra debruzada,  
hei d'agardar día e noite,  
vran e inverno, a tua chegada.*

*Se, cando volvas, n'estou,  
non perguntes ós veciños  
qué novo amor me mudou.*

*E se coidas que fuxín,  
vai busca, o enterramortos,  
e perguntaalle por míñ.*

**ABELINO RODRIGUEZ ELIAS**

# DO HOMENAXE A CABANILLAS

**Por razós de axuste no derradeiro número non pudemos pubricar a fermosa poesía que Cabanillas leu no seu homenaxe de Vigo. Porque queremos que quede na colección de A NOSA TERRA e para coñecemento dos nosos leitores honrámonos hoxe coa sua publicación:**

Na emoción e ledicia de esta hora,  
que faí tan doce a vosa xentileza,  
unha soave tristeza  
vén a bicar miña alma soñadora.

Algo que a por nas verbas non acerto  
treme dentro de mí.

A voz que outrora  
revoltada bradou no campo aberto  
da loita da inquedade,  
a que que ergueu doída e pregadora  
no miragroso altar da Saudade,  
esmorece no vento,  
vélase ronca, fúndese esvaída,  
porque este voso nobre acollimento  
esta romaxe polo amor garnida,  
no corazón, imbel ó sufrimento,  
abreume unha ferida,  
e por ela, a facervos rendimento,  
co-a gratitud que saír a vida!

Tiña de ser. Ni é d-eles merecente  
nín lle cadran loubanzas nín honores  
a quen é, tan somente,  
un nome mais no rol dos loitadores  
n-un sentimento céltigo irmados  
para coidar do logro da semente,  
para cumplir os místicos mandados  
dos sagros Precusores,

dos que alzaron as pedras derrubadas  
do fogar dos abós, dos que cubriron  
de balsásicas frores as mans rudas  
pol-o legón e o pico encorreadas,  
e arrincaran cancións ás arpás mudas  
e roubando no Olimpo o lume sagro  
encenderon nas almas apoucadas  
as divinas candelas do miragro;  
de aqueles rexos paladíns xigantes  
da casta forte e brava dos atlantes,  
que até o circo da lúa  
souperon enxergar a Terra súa.

Consentídeme, pois, que en encomenda  
de amor e poesía,  
ás venerandas Sombras faga ofrenda  
dos alaudos e as rosas de este día!

Tres séculos pasados da revolta,  
fonte de bágoas por cativa sorte,

Galicia estaba envolta  
n-un silenzo de morte,  
cando, cen anos fai, o novo alento  
romántico, galgou de cumbe en cumbe  
e apareceu Faraldo, alma de lume,  
c-unha bandeira ó vento.

O seu brado chamando á loita, tivo  
resoancias de trono

e a Terra estremecida pol-o berro  
da entraña no mais vivo,  
espertou do seu sono.  
Tamén caíeu maltreito. Do desterro  
colleu, doente, o isrido camiño,  
a reiberán do Miño  
viveu galego en terra portuguesa  
onde os ceos quíxeron que atopara  
o imaxe viva, a frourecer, acesa,  
da nova patria ceibe que soñara  
Tras d-el enche a vereda  
a falanxe garrida  
dos bos e xenerosos:  
Aguirre de alma inqueda,  
xuvenil, encendida  
nos feitos alteirosos,  
forxador de unha rexia mocedade  
do que inda Conxo garda na arboreda  
o rumor do seu canto á liberdade.  
o xuglar namorado e soñador  
que eiquí rezou as ledas canturías  
ó seu primeiro e derradeiro amor,  
aquela nena, roiba  
como as espigas do doirado trigo,  
que ollara un día á veira das tranquías  
«ondas do mar de Vigo»;  
Pondal esgrevio, trunfador varil  
da serpente encantada  
no con de Gondomil,  
o que falou na noite aluarada  
do seu lenguaxe arpado ós rumorosos,  
abreu o dólmen co-a lumiosa espada  
dos ritos misteriosos,  
ó pé do castro altivo  
vagóu ó par da sombra de Finián  
e escoitou o adios ó chan nativo

de forzado simbólico de Orán:  
e Rosalía, a Terra feita carne  
envolveita en diviño resprandor  
o cáliz sagro-santo  
onde as viudas dos vivos e dos mortos  
verteran o seu pranto  
de amor e de dolor;  
o gran Murguía druída derradeiro  
cantor da nosa groría  
que en traballo soedoso e siladeiro  
labrou en follas de ouro a nosa historia;  
e Curros o da lira de ouro e ferro,  
e do punxente berro  
que furou as estrelas  
e cen e cen que no fragor das loitas  
forxaron hinos e teceron coitas,  
azos da patria e místicas arelas.

Galicia alenta d-eles n-estes días  
Chegue, pois, o arrecendo de estas rosas  
ós altos ceos a rexión tranquía  
das sombras vagorosas.

N-esta hora de emoción  
en que o meu corazón  
diante d-eles abala,  
leial e sentimento do meu pobo,  
Dios no peito, nos beizos nosa fala,  
a vella profesión de fé renovo:

Do meu fogar no caricioso achego,  
con meus irmáns en saudosa apreta  
da miña Terra enxebre namorado,  
quiero morrer, como nacín, gallego.  
para decirlle meu amor, poeta;  
para loitar pol-o seu ben, soldado.

# O GAITERO

Vou a dar o adeus á compañeira da miña vida, a doce poesía. ¿Para qué cantar? ¿Para qué escribir mais? Os meus dedos envellecéronse sobre das cordas da arpa e atópanse cansos de servir; a mesma arpa, a derradeira vegada que a pulsei entre saloucos e sospiros inquedos pareceume que me decía: Abonda. Vou, pois a lle dar a derradeira aperfa e a pendural-a dedos mais benzos d'inspirados.

Abonda xá de versos místicos; abonda de poesías guerreiras; abonda de hinos patrióticos, abonda de cántigas á fé. A deus, cancións de primaveira; xa non en dozareis outra vegada os meus beizos, xa non faredes batir ás do meu corazón; maio e abril voltarán milleiros e milleiros de vegadas mais non voltarán para min. Traguerán ainda moitos cestos ateigados de descendentes e belidas frores pero todas as valeirará n'outros hortos. As árbores do meu xardín non voltarán a frorecer, os gorrións que n'eles aniñaban cada primaveira non voltarán a aniñar e os reiseniores que n'eles cantaban non voltarán a cantar.

O gris outono desfoliou os meus carballos, os meus almendros, as arbredas vestíronse de loito e as montañas esfondadas hoxe co'a xiada agardan asustadas a neve do inverno que se aveciña. As copras de *cena:nellos*, os sete gozos da Virxe que cantei de porta en porta fai tantos anos o Sábado Santo despois do toque de gloria voaron lonxe, moi lonxe e para non voltar; a miña Pascua pasou fai tempo e somentes agardo celebrar no ceo aquela Pascua que non rematará endexamais. Se ali cántase, aló voltarán a cantar. Adeus para sempre, cancións e poesía.

Esto decíame eu fai pouco amargurado pol-as oleadas da existencia, dobregado e abatido pol-os ventos da tribulación. Saín do meu carto pechado e estreito e atravesando a Rambla, esa grande e numerosa arteria de Barcelona, metinme pol-a rua de Tallers, deixa o lado da cibdade en que mais perdo óllanse o verdor dos campos, o azul das montañas e encol de todo o do ceo. Desexaba respirar

ars puros e libres e alonxar a morriña que, proviñente de varias cousas que quería esquecer, facíase dona de min e atabame de pes e mans, de corpo e de espíritu.

Ao pasar, rúa arriba, por diante da de Valldoncella, vin sair d'esta un galego de barba cana e figura venerable, coroada pol-a monteira, tocando maxistralmente a flaqueada gaita co roncón ao lombo como é uso nas riveiras do Miño. Paresceume que saía pouco satisfeito d'aquel barrio obreiro en que as suas cántigas haberian sido pouco comprendidas e a duras penas escoitadas. Cando, a dobrar tallers arriba, ollou nas fenestras do Hospital militar, gorras de cuartel, a sua fisonomia anlmouse sospeitando que tal vez alí dentro habería quen o comprendese. Hinchou o roncón que enfraquecia por momentos e baixaba languidamente os seus sons e tocou un d'aqueles aires que, irináns da muiñeira, fan chorar aos hipocondriacos fillos de Galicia

Non sei si no Hospital habería algúñ a quien no hoco do leito chegase aquela docisima lembranza da Patria. Non sei si habería algúñ que chorase; pero a miñ aquela extrana e melancólica armonía facíame retornar aos ditosos tempos da miña infancia, lembrame os sinxelos contrapases da praza do meu pobo e o vello gaiteiro de gambeto e barretina bermella qne pechou os ollos sin que ninguén quixera adeprender a sua profesión, lembroume o meu país e meus irmáns, Deus os teña na sua gloria, e aos meus compañeiros que repousan a carón d'eles no mesmo cimiterio e asomaron as bágoas aos meus ollos.

O pobre xuglar despox de tanxer quizais a millor tocata do seu repertorio, dirixiu a ollada deixa as fenestras do Hospital na espranza de que baixase, non a paga, unha proba de agradecimento, unha esmola, que por pequena que sexa, anima a agardar outra aos probes de Xesucristo. Mais en baluto; nin do Hospital nin das casas veciñas caiu unha triste moeda de cinco céntimos. O que baixou foron uns berros de «Fora, fora» que fixo voltar estranados a uns nenos que viñan da escola e sonreir a

uns faquines que cargaban un carro, e que a min fixome extremecer de indiñación e de pena.

O gaiteiro non é de madeira e terá adevertido o insulto, que caeu como unha pedra encol da sua cabeza e o terá sentido como unha puvoada ao mais fondo da sua alma; pero adoitado á loita pol-a vida e acostumado dende neno ás malas anadas, seguío rúa arriba inflando a sua gaita e sin trocar de cántiga, o mesmo que se oubira chover, agardando quizais que ao voltar da esquina voltariase tamén o vento da fortuna,

Aquel acto de firmeza era unha reprensión para a miña debilidade. Aquel home sinxelo, que probabremente non sabía lér, ten mais coñecemento do mundo que min e por eso trata con menosprecio que se meresce. A sua necesidade imperturbable deixoume avergoñado e confuso, moitos mais que se houbera leido un capítulo da *Imitación de Xesucristo*.

Eu tomei ésta inesperada lección como chegada das mans da Providencia e sin necesidade de ollar campos nin montañas voltei a casa curado da morriña, arrepentido de terme querido despedir da poesía, inocente compañeira da vida que tanto ben me fixo e con deseos de reconciliarme co'a lira, si algún raio de inspiración me envía Deus na miña ancianidade. «Animo pois; adiante e fora», dixome a min mesmo. Sigaimos cantando: quen canta, sen mal espanta. *Exurgea gloria mea; exurge psalterum et cithara*.

MOSÉN JACINTO VERDAGUER

## LECTURAS

### PROEL DE Luis AMADO CARBALLO

**A**CÁBASE de poñer á venda un fermoso libro de versos do noso querido irmán e gabaño poeta Amado Carballo. Temos á vista un exemplar que o seu autor adicounos con agarimo que estimamos.

«Proel» baixo unha portada cubista de Méndez encerra unha escollida colección de versos

de xeito moderno, de fermosa concepción e alguns inspirados no sentimento da Terra. Nas nosas páxinas temos publicado outras poesías de Amado Carballo que con tal motivo é fondamente conocido dos leitores de A NOSA TERRA: A inspiración e o sentimento que de sempre ollamos nas suas producções conocidas ten «Proel» unha cuidada e fermosa representación que conceituá ao seu autor de inspirado poeta, do sentimento doce e agarimante. Algo esquisito que se olla con pouca frecuencia son as corenta poesías que nos presenta en «Proel» e todas e cada unha deixan en quen lê un sabor de manxar escollido dino de se comentar con agarimo landatorio hacia o seu autor.

«Proel» é un libro do millor que se leva publicado en galego e tén ademais a boa condición de ser un libro de versos novos, modernos, que non veñen mal á poesía galega.

Terá de acadar o aprauso da crítica e o agarimo dos leitores. Pol-a nosa parte recomendámolo sinceramente e felicitamos de todo corazón ao seu autor.

CANTARES DA TERRA, F. SALGADO e LÓPEZ QUIROGA

**U**NTRIO libro de versos que tamén acaban de publicar e que chega a nós con adicatoria do seu autor. En revistas e xornás de Galicia andan constantemente «Cantares da Terra» nos que o Sr. Salgado amosira intensa laboriosidade e non menos inspiración a veces. Versos cortos, folklóricos, muitos dos cales servirían ben para seren cantados polos coros. Escollimos entre os muitos que trae o libro uns cantos que damos hoxe aos nosos leitores.

En resumo pódese decir que «Cantares da Terra» non é un libro que dé gloria a unha literatura, mais non están mal esta cras de libros que poidera facer a boa labor de acostumar ás xentes a lêren galego. Quizais sexa éste o seu maior mérito, aparte de algúns versos que esán moi ben.

Cobizamos un éxito de venda para «Cantares da Terra» e felicitamos efusivamente ao seu autor.

LEA VOSTEDE A  
NOVELA GALEGA

LAR  
QUE SE EDITA  
MENSUALMENTE

## AS NOVELAS "LAR"

LOITA, RAFAEL FERNÁNDEZ CASAS

N'ESTE número preséntanos LAR un novo novelista galego, Rafael Fernández Casas conocido noso como articulista en galego amóstrases agora en «Loita» con condicións boas para a novela na que aconsellámoslle continúe xa que pódese agardar d'él moito bon en favor da nosa prosa.

«Loita» ven escrita con galanura grande e fondos conocementos da lingua galega o cal constitue un mérito que compre sinalar. Quen comenza fan ben ten o deber de continuar o camiño emprendido para enriquecemento da prosa galega e progreso da nosa literatura.

Un bon número da valiosa colección LAR pedra angular do noso renacemento literario.

FÁBULAS GALAICO-CASTELLANAS,  
por AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

D. Amador Montenegro Saavedra, académico de número da gallega e ben conocido na literatura nosa acaba de publicar un libro de fábulas galaico-castellanas. Un libro de tamaño moi axeitado de 160 páxinas con 45 fábulas galegas e 29 castelñas:

Como di o seu autor n'unhas verbas galegas a xeito de introílo, son algunas reformadas d'un libro que xá siña publicado no ano 1892 outras novas.

Interesounos fondamente a sua leitura por ser éste un xénero ainda non cultivado con intensidade na nosa literatura, polo que ten de interesante, ilustrador e axeitabre para o insinio nas escolas que os escolantes deberan ter en conta e polo mérito literario indiscutible que o libro encerra. Por todo elo a leitura do libro produxo en nós un efecto de fondo e ledo agrado polo que ten de mérito para o seu autor que d'este xeito aporta á literatura galega ao mesmo tempo que o primeiro libro d'este xénero o exemplo para o seu cultivo cuia importancia non é perciso resaltar. De ahí que recomendemos sincericamente a sua leitura como tamén cónpremos indicar que é un libro por medio do cal pódese admirabremente acostumiar aos nenos á leitura en galego. Xá o di tamén o seu autor e quixéramos que o exemplo que él indica tivera imitadores.

Reciba o señor Montenegro Saavedra a nosa cordialísima embora pol-a publicación de

libro tan interesante e tamén o noso agradecemento polo exemplar que agarimosamente sirvéruse nos adicar.

## Meus amigos

*Os que coma min cargados  
de penas no mundo están  
no-nos quero para amigos  
nin os quererei xamais.*

*Se consolo cabo d'eles  
o meu peito vai catar  
soio queixumes atopa  
con que choran o seu mal.*

*Eu no-nos culpo, pois sei  
que coma min eles van  
buscando quen'os console  
sen xamais o atopar.*

*Mais vou buscálo a outro lado  
seguro de con el dar  
que se non me calma a y-alma  
muito consolo lle dá.*

*O lugar onde o atopo  
e moi cerca do meu lar  
xunta unhos nenos pequenos  
co ceu alí veu pouzar.*

*Cos seus tenros agarimos  
e co seu doce falar  
cas suas mañás brancas  
e co seu craro cantar;  
Cas suas risadas frescas  
e co seu meigo mirar  
co seu contento e alegria  
e sempre co seu brincar;*

*Por mais ca y-alma non queira  
por forza se ha d'alegrar  
e tornándose unha nena  
comá ela ha de saltar.*

VICENTE CASTELO.

Loiba 17-VI-927.

N. da R.—Temos recibido con unha carta ateigada de sinxeleza estes versos de Vicente Castelo na que o seu autor nos pide a sua publicación. No noso desexo de agarimar a queñes comenzan e de alental-o para a perseverancia e milloramento damolos a publicidade cobizando que co tempo o seu autor poidan os dar millores producções poéticas.